



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Convocatoria del II Concurso de Cortometrajes contra la Violencia de Género "Corta con la violencia"

BDNS(Identif.):654713

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/654713>)

1.- Bases reguladoras

Los premios se regularán por las bases específicas que fueron aprobadas en fecha 25.08.2022 por el Concello Pleno y publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña número 187 de fecha 30.09.2022. (https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/09/30/2022_0000006010.html).

2.- Objeto

Promover actuaciones de sensibilización y de prevención de la violencia de género para contribuir a su erradicación, reconociendo como herramienta formativa y divulgativa la creación artística, en este caso y más concretamente, en el campo audiovisual.

3.- Personas beneficiarias

Podrán participar, de forma individual o en grupo, los/as jóvenes con edades comprendidas entre los 14 y los 30 años, divididos en las siguientes categorías:

Categoría A: Menores de edad de 14 a 17 años.

Categoría B: Mayores de edad de 18 a 30 años.

4.- Modalidad de la concesión

Régimen de concurrencia competitiva.

5.- Importe

El importe de los premios de la categoría A será el siguiente:

Primer premio: 600 euros

Segundo premio: 400 euros

Tercer premio: 200 euros

El importe de los premios de la categoría B será el siguiente:

Primer premio: 800 euros

Segundo premio: 600 euros

Tercer premio: 400 euros

El importe total de los premios asciende a 3.000 euros y el gasto se imputará a la partida 04102 3342 48000.

El premio podrá quedar desierto en el caso de que el jurado considere que las obras presentadas no tengan la calidad mínima exigible.

6.- Criterios de valoración

Los criterios de valoración son los establecidos en el punto 10 de las bases reguladoras, el jurado podrá otorgar un máximo de 70 puntos a cada una de los cortometrajes, de acuerdo con los siguientes criterios y teniendo en cuenta en todo momento la temática objeto de estas Bases:

Originalidad en cuanto a la temática

De 0 a 10 puntos

El guión

De 0 a 10 puntos

La dirección y realización

De 0 a 10 puntos

La interpretación

De 0 a 10 puntos

Impacto visual

De 0 a 10 puntos

El montaje

De 0 a 10 puntos

La fotografía

De 0 a 10 puntos

En caso de empate se tendrá en cuenta la mayor puntuación obtenida en el primero de los criterios, de persistir el empate se tendrá en cuenta a la del siguiente criterio, y así sucesivamente, hasta que se produzca el desempate.

7.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo para presentar los cortometrajes será de 15 días hábiles, que se contarán a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

8.- Documentación a aportar por el/la solicitante

La que figura en la base 5 de las bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

9.- Órganos competentes para la instrucción y resolución del procedimiento.

El órgano competente para la instrucción del procedimiento será el negociado de Igualdad y Juventud.

El órgano competente para la resolución del procedimiento será la Concejala delegada del área de Mujer, Igualdad, Juventud, Minorías Étnicas y Normalización Lingüística. (Resolución de la Alcaldía de fecha 8 de julio de 2019, BOP de A Coruña número 137 de 22 de julio de 2019).

10.- Plazo de resolución y medio de notificación.

El plazo de resolución será de seis meses a partir de la fecha de publicación de la convocatoria.

Los resultados del concurso se publicarán en las redes sociales del Concello y en el Tablón de Anuncios Municipal, página web ([www.ferrol.es/Sede electrónica/Taboleiro de anuncios](http://www.ferrol.es/Sede_electrónica/Taboleiro_de_anuncios)) y en la BDNS, además se comunicará a los centros que hubieran participado.

11.- Recursos.

El acto de resolución del premio agota la vía administrativa y para los efectos de la interposición de los recursos administrativos que procedan, se realizarán de conformidad con lo dispuesto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

Ferrol

20/10/2022

Cristina Prados Rubio

Concejala delegada del Área de Mujer, Igualdad, Juventud, Minorías Étnicas y Normalización Lingüística

Convocatoria do II Concurso de Curtametraxes contra a Violencia de Xénero "Curta coa violencia"

BDNS(Identif.):654713

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/654713>)

1.- Bases reguladoras

Os premios estarán regulados polas bases específicas que foron aprobadas en data 25.08.2022 polo Concello Pleno e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 187 de data 30.09.2022. (https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/09/30/2022_0000006010.html).

2.- Obxecto

Promover accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuír á súa erradicación, recoñecendo como ferramenta formativa e divulgativa a creación artística, neste caso e máis concretamente, no eido audiovisual.

3.- Persoas beneficiarias

Poderán participar, de xeito individual ou en grupo, os/as mozos/as con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos divididos nas seguintes categorías:

Categoría A: Menores de idade de 14 a 17 anos.

Categoría B: Maiores de idade de 18 a 30 anos.

4.- Modalidade da concesión

Réxime de concorrencia competitiva.

5.- Importe

O importe dos premios da categoría A será o seguinte:

Primeiro premio: 600 euros

Segundo premio: 400 euros

Terceiro premio: 200 euros

O importe dos premios da categoría B será o seguinte:

Primeiro premio: 800 euros

Segundo premio: 600 euros

Terceiro premio: 400 euros

O importe total dos premios ascende a 3.000 euros e o gasto imputarase á partida 04102 3342 48000.

O premio poderá quedar deserto no caso de que o xurado considere que as obras presentadas non teñan a calidade mínima esixible.

6.- Criterios de avaliación

Segundo se recolle no punto 10 das bases reguladoras, o xurado poderá outorgar un máximo de 70 puntos a cada unha das curtametraxes, de acordo cos seguintes criterios e tendo en conta en todo momento a temática obxecto destas Bases:

Orixinalidade en canto á temática

De 0 a 10 puntos

O guión

De 0 a 10 puntos

A dirección e realización

De 0 a 10 puntos

A interpretación

De 0 a 10 puntos

Impacto visual

De 0 a 10 puntos

A montaxe

De 0 a 10 puntos

A fotografía

De 0 a 10 puntos

No caso de empate terase en conta a maior puntuación obtida no primeiro dos criterios, de persistir o empate terase en conta á do seguinte criterio, e así sucesivamente, ata que se produza o desempate.

7.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as curtametraxes será de 15 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

8.- Documentación a aportar polo/a solicitante

A que figura na base 5 das bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

9.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o negociado de Igualdade e Xuventude.

O órgano competente para a resolución do procedemento será a Concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística. (Resolución da Alcaldía de data 8 de xullo de 2019, BOP da Coruña número 137 de 22 de xullo de 2019).

10.- Prazo de resolución e medio de notificación.

O prazo de resolución será de seis meses a partir da data de publicación da convocatoria.

Os resultados do concurso publicaranse nas redes sociais do Concello e no Taboleiro de Anuncios Municipal, páxina web ([www.ferrol.es/Sede electrónica/Taboleiro de anuncios](http://www.ferrol.es/Sede_electrónica/Taboleiro_de_anuncios)) e na BDNS, ademais comunicarase aos centros que tiveran participado.

11.- Recursos.

O acto de resolución do premio esgota a vía administrativa e para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan, realizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ferrol

20/10/2022

Cristina Prados Rubio

Concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística

2022/6565